

Festas do Nazareno en A Pobra

IAGO RODRÍGUEZ
A Pobra

A Pobra do Caramiñal da comezo un ano máis, durante a terceira semana de setembro como xa é tradición, a unhas das festas máis importantes para a vila barbanzá, as do Nazareno, declaradas de Interese Turístico de Galicia.

A programación conta coa presenza de populares orquestras como a Panorama ou o Combo Dominicano, así como de diversas actividades para os máis novos, como a Festa Infantil ou a Festa Holi Pobra.

Con todo, a xornada máis esperada é o domingo 21 de setembro, o Día do Nazareno, no que os pobrenses mostran con toda claridade a relación sen complexos e a naturalidade coa que conviven coa morte na Festa das Mortallas, coñecida pola súa popular e curiosa procesión.

Centos de veciños preparados coas súas velas renden culto a esta orixinal tradición, con ataúdes incluídos, que se remonta ao século XV e que aínda segue vixente cada domingo das celebracións.

As rúas pobrenses abarrótanse de camiñantes que por rozar a morte nalgún momento da súa vida, ofrécense a Jesús o Nazareno. A inmensa cantidade de cirios e féretros que levan os familiares provoca que se estremezan ata os máis escépticos.

Un recorrido imperdible

Os participantes, como agradecemento, o día da procesión camiñan detrás daquel que debía ser o cadaleito que levase o seu propio cadáver, o cal é suxeitado polos seus propios familiares vestindo un hábito mortuorio, de cor morado como o de Cristo se son persoas viúvas ou casadas, ou

Os pobrenses rendirán culto á morte no Nazareno

Centos de veciños participarán na procesión da Festa das Mortallas camiñando detrás dos seus ‘proprios ataúdes’



Imaxe dunha edición pasada da tradicional procesión.



Igrexa parroquial de Santiago do Deán.

branco se son nenos ou nenas.

Moitos tamén acoden para agradecer os favores recibidos ou pedir saúde para eles e seus achegados. O itinerario comeza na igrexa de Santiago do Deán, pasa pola zona vella e a estrada principal e volve á igrexa.

As orixes da tradición

As raíces desta tradición á que alude o emblemático escritor Valle-Inclán na súa triloxía *Comedias Bárbaras* nace no século XV, nun contexto no que a comarca do Barbanza estaba sendo asediada por uns vándalos que utilizaban a serra para agacharse.

As raíces da procesión remóntanse ao século XV na parroquia de Santiago do Deán

Tras coller a catro dos compoñentes dese grupo, en vésperas da festa na honra do Nazareno, o Alcalde maior da vila de Deán condeounos a morte. O nome daquel rexedor era Don Juan Linares, o cal estaba pasando por unha dura enfermidade que lle levou a rogar a Jesús pola salvación da súa alma no seu leito de morte.

Era o terceiro sábado do mes de setembro e Juan Linares mandou aos seus criados que chamasen a un carpinteiro para que elaborase con urxencia un féretro a medida. Así, ao día seguinte, o Alcalde asistiu á procesión coas súas mellores galas acompañando a figura de Jesús seguindo o seu propio ataúde, que cargaban os catros reos.

Finalmente, cando chegaron á igrexa, Don Juan aceptou o perdón dos homes.



ACTEMSA

Deséxalles unhas felices festas do Nazareno

- Operadora global de túnidos e peixe conxelado
- Importación e exportación
- Servizos de conxelación

www.actemsa.com

Pol. Ind. A Tomada. Avda. A Tomada s/n
15940 Pobra do Caramiñal - A Coruña - España
Tel. +34 981 833 000
E-mail: actemsa@actemsa.com






Sostibilidade
Elaboración artesanal
Compromiso coa contorna

Festas do Nazareno en A Pobra

¿Qué plans non te debes perder se visitas A Pobra do Caramiñal?

Esta vila costeira chea de paraísos naturais é unha parada obrigatoria se visitas Barbanza

IAGO RODRÍGUEZ
A Pobra

Esta xoia turística situada na comarca do Barbanza é un dos destinos máis recomendables para gozar dun sitio que simbolice á perfección a riqueza cultural, gastronómica e patrimonial de Galicia. En A Pobra do Caramiñal é posible visitar un lugar que te leve atrás no tempo para concienciar como vivían as civilizacións hai miles de anos: O Castro da Croa de Posmarcos. Este singular xacemento encóntrase na parroquia de Santo Isidoro de Posmarcos e destaca pola súa excepcional conservación. Mantén os vestixios dun castro interior, diferentes aos habituais castros costeiros do Barbanza e supón unha interesante vía para as liñas de investigación que queiran afondar no coñecemento da Idade de Ferro en Galicia. Por outra banda, é practicamente imposible visitar o municipio e non pasar un sitio que non conteña a pegada do escrito Valle-Inclán, que viviu na A Pobra durante unha das súas etapas máis prolíficas. Como home-

naxe, no Pazo Torre de Bermúdez expóñense documentos, manuscritos, libros impresos e obxectos de belas artes vinculados á vida e obra do autor nun museo que leva o seu propio nome. Dito espazo turístico tamén ofrece actividades periódicas como exposicións, conferencias, concertos e presentacións literarias. Ademais, alberga unha sala de exposicións temporais e un auditorio no que desenvolven diferentes iniciativas culturais. **As picinas naturais do Río Pedras** Se hai uns lugares frecuentados e coñecidos por turistas en A Pobra do Caramiñal, especialmente durante o período de verán, eses son as pozas naturais do Río Pedras. Este refuxio natural é un espazo perfecto para as persoas cansadas da area das praias, onde as augas cristalinas que bañan as rochas e a verde natureza que rodea a contorna constrúen un sitio idóneo para gozar dun plan relaxante en familia. Aínda que, eso si, hai que ter especial coi-



Unha das pozas naturais do Río Pedras.



Interior da Casa Museo Valle-Inclán.

TURISMO A POBRA

dato ao desprazarse polos sendeiros xa que hai moitas superficies húmidas e esvaradías. **O Castro da Croa e o Museo de Valle-Inclán son algúns dos seus atractivos turísticos** Outra experiencia que non podes deixar pasar se viaxas á Pobra é probar a súa deliciosa gastronomía, rica en manxares que reflicten a calidade do seu sector rural e marítimo: empanada de berberecho, navallas, langostinos, nécoras, polbo... Ademais, estas exquisiteces poden ir acompañadas cun bo albariño da zona, posto que en A Pobra tamén está moi presente a enocultura.

PROGRAMA

**A POBRA DO CARAMIÑAL**
CONCELLO

XUNTA DE GALICIA

mascolor

GADIS

ABANCA

Nazareno

VIERNES 19

MONOULIOUS DOP - DISKETOCA

BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE REDONDELA / GRUPO DE GAITAS XIADA / CANTABERIAS ARRANCADEIRA / A.C. ENADELA

SABADO 20

AMÉRICA - G FACE

JUANMA LOPEZ DJ

BANDA DE MÚSICA UNIÓN MUSICAL DE MEAÑO / Banda de Gaitas de Forcarei / GRUPO DE GAITAS XIADA E O SON DO POTE

DO 19 O 22 DE SETEMBRO DE 2025

DOMINGO 21

PANORAMA

BANDA DE MÚSICA ESCUELA MARIL MILITAR DE MARÍN / Banda de música APECHO MUSICAL DA POBRA
BANDA DE GAITAS BUKANA DE TABARONA / Banda de Gaitas SAN XOÁN DE PARANOS / GRUPO DE GAITAS XIADA E O SON DO POTE

ÁS 10:30h DA MAÑÁ:
SOLEMNE E TRADICIONAL PROCESIÓN VOTIVA DAS MORTALLAS

LUNES 22

COMBO DOMINICANO

FESTA INFANTIL / FESTA HOLI POBRA

BANDA DE MÚSICA DE MORMENTA / Banda de Gaitas OS CHAMEIROS / GRUPO DE GAITAS XIADA E O SON DO POTE

ÁS 00:15h NO PANTALÁN (FRENTE A CHICOLINO):
GRANDE ESPECTÁCULO DE FOGOS ARTIFICIAIS E ACUÁTICOS CON DRONS

Festas do Nazareno en A Pobra

Vistas infinitas que emocionan e hipnotizan

A beleza paisaxística da Pobra pode ser apreciada dende os seus múltiples miradoiros, onde as sensacións pálpanse a flor de pel

IAGO RODRÍGUEZ
A Pobra

Ademais de contar con múltiples celebracións onde a música, tradición, boa gastronomía e diversión non escatiman, A Pobra do Caramiñal alberga nas súas terras un rico patrimonio rodeado de fermosas paisaxes que fan deste destino unha das opcións máis recomendadas e atractivas para pasar unhas vacacións en Barbanza.

As vistas inesquecibles que recobren o territorio poden ser contempladas desde diferentes puntos habilitados para especialmente isto, posto que A Pobra conta con varios miradoiros nos que perder a noción do tempo contemplando a inmensidade da vila.

Un destes tantos é o miradoiro de Valle-Inclán, cuxo sobrenome vai dedicado a unha das figuras literarias máis destacadas na historia de Galicia debido a súa estreita relación co municipio, onde o novelista, poeta e dramaturgo pasou significativas tempa-

das da súa vida. De feito, neste espazo pódese atopar un monumento feito por Benito Prieto Cousset que conmemora as súas excursións pola Serra do Barbanza.

O miradoiro dotado co seu nome encóntrase a 368 metros de altitude na Curota, dende onde se poden gozar unhas espléndidas vistas da Ría de Arousa e súas vilas. Nun día claro as miradas dos seus visitantes quizais ata poidan viaxar ata Portugal.

Dende estos espazos contéplase con todo detalle a grandeza da Ría de Arousa

Outro lugar idóneo para desfrutar dun momento de relax é o miradoiro de A Curotiña. A 512 metros sobre o nivel do mar, dende aquí basta soamente cunha ollada para perderse

contemplando as poboacións da Ría de Arousa: illa de Arousa, O Grove, Cambados, Vilanova, Vilagarcía, Catoira, Rianxo, Boiro, Ribeira...

A opción perfecta para os amantes do mar e das praias é o miradoiro de Pedra da Moura. Unha parada obrigatoria situada nun ambiente natural de enorme beleza a pé da inmensa roca granítica que lle da nome e que, coa súa caprichosa forma, contribúe a que este sexa un lugar aínda máis atractivo no que hipnotizarse.

Por outra banda, se o teu é explorar e perderse na natureza facendo sendeirismo, o Alta da Lagoa é un dos puntos máis interesantes para visitar do municipio xa que existen diversas rutas que pasan por este fermoso refuxio situado a 650 metros de altitude.

Ao carón dos seus sendeiros rodeados de decenas de aeroxeradores conviven animais como vacas ou cabalos que fan do camiño un plan máis ameno. Un dos seus principais atractivos é, como o seu propio nome indica, a lagoa que se forma no lugar.



Imaxe panorámica do miradoiro da Curotiña.



Vistas dende un dos treitos do miradoiro da Pedra da Moura

Productos hechos con amor desde 1959

881 863 976

Rúa da Paz 19, A Pobra do Caramiñal, 15940

UNIGES ASESORES Y ADMINISTRADORES, S.L.
ASESORES DE EMPRESAS, TRABAJADORES Y AUTÓNOMOS

C/ Varsovia, 4C - 2ª planta • 15707 Santiago de Compostela

C/ Alexandre Bóveda, 4 bj • 15940 A Pobra do Caramiñal
Tel. 981 83 26 00 WA: 669 87 07 74 • administracion@unigesasesores.com

ESPECIALISTAS EN DERECHO LABORAL Y SEGURIDAD SOCIAL, FISCAL Y TRIBUTARIO, PROPIEDAD HORIZONTAL.

¡Feliz Nazareno!

Administración
Financiera
Colegiado

R.G.S.: C-15-000864 www.clinicalopezcastro.com

¡¡La clínica Dr. Gonzalo López Castro les desea unas Felices Fiestas!!

La Paz, 37 - 1º Pobra do Caramiñal
T. 981 832 911 - glopezc@infomed.es

• **Dr. Gonzalo López Castro**

• **Dr. J. Miguel Lojo Martínez**

• **Dra. Paula Río Rouco**

• **Dr. Rubén Martínez de Pedro**

• **Dra. Isabel Castro Chao**

Especialidades

- Implantología
- Periodoncia
- Cirugía oral
- Endodoncia
- Prótesis
- Sistemas Cerec (prótesis inmediata)
- Odontología estética
- Láser dental
- Ortodoncia invisible
- Odontopediatría
- Ortopantomografía
- Rx digital

Festas do Nazareno en A Pobra

Saúdo do alcalde

O Nazareno, unhas festividades «imperdibles»

O alcalde da Pobra, José Carlos Vidal, desexa unhas «felices festas cheas de ledicia tanto aos de aquí como aos que veñen de fóra»

REDACCIÓN

A Pobra

José Carlos Vidal: «En moitos concellos, o final de agosto marca tamén o remate das festas, pero na Pobra do Caramiñal case se podería dicir que contamos os días que faltan para a chegada de setembro. E non é, nin moito menos, porque non queiramos continuar gozando das nosas increíbles praias nin da calor propia da época, senón máis ben porque aquí, este mes só pode significar unha cousa: O Nazareno.

Esta celebración, declarada Festa de Interese Turístico en Galicia, hai xa anos que se desprendeu da súa dimensión local para converterse nun auténtico referente dentro e fóra, na comarca, en Galicia e, se me apurades, en España. Aquí celébrase a que é, con case total seguridade, a única



José Carlos Vidal, alcalde da Pobra do Caramiñal.

SUSANA LÓPEZ

procesión na que as persoas participantes desfilan portando féretros baleiros en sinal de agradecemento ao Nazareno. Fálovos da Procesión Votiva das Mortallas, un culto que reúne, ano tras ano, a milleiros de persoas no noso municipio.

Pero este non é o único motivo que fai das do Nazareno unhas festividades imperdibles. Nelas será tamén onde se xuntará a tradición, os costumes e a historia, mesturándose con outras propostas á orde do día e tecendo unha programación na que todo o mundo é ben recibido. Porque esta cita fala moito do noso pasado, pero tamén do noso presente e do noso futuro.

Aquí, na Pobra, o Nazareno vése e, sobre todo, vívese. Quédannos por diante catro xornadas nas que reivindicaremos e presumiremos con orgullo do que somos como municipio, nas que nos xuntaremos cos nosos familiares e amigos e nas que poremos o broche de ouro á tempada estival.

Estou completamente seguro de que non faltarán os veciños e veciñas, pero tampouco miles de persoas que se achegarán atraídos pola sona que adquiriu este festexo. E é que un dos mellores atributos deste evento é, precisamente, que converte á Pobra en fogar para miles de visitantes.

Hoxe diríxome tanto aos de

aquí como aos que veñen de fóra para desexarvos unhas felices festas cheas de ledicia, emoción e que deixen un recordo imborrable. Aproveito, ademais, para darvos as grazas a todos e a todas por facer que a nosa historia continúe tan viva.

Unha historia que non sería posible, desde logo, sen o increíble e inestimable traballo da Comisión de Festas. Son consciente de que organizar un programa destas características é difícil. E moito máis cando o deseñas, como neste caso, ofrecendo opcións para todos os gustos e públicos. Sei que detrás da programación hai moitas horas e días de traballo, así que non podo facer nada máis que felicitaros polo voso esforzo.

Quero aproveitar estas liñas para enxalzar, ademais, o papel das agrupacións de música locais que conforman o cartel desta edición. En especial, á Banda de Música Ateneo Musical da Pobra, pregoeiros neste 2025. Creo, de verdade, que non podíamos ter uns mellores representantes que aos membros desta agrupación, moitos deles mozos e mozas cunha capacidade de esforzo infinita e con ganas de seguir traballando polo noso municipio.

Grazas a todos e a todas de corazón. Despidome, pero non sen antes transmitirvos os meus mellores desexos para estes días. Felices Festas do Nazareno».



**FONTANERÍA | TÉRMICAS | ELECTRICIDAD | GAS (CATEGORÍA A) | EQUIPOS A PRESIÓN
| CONTRA-INCENDIOS | INSTALACIONES INDUSTRIALES**

www.instalacionesherfer.es

Pol. Ind. de Espiñeira, P14 • Boiro - A Coruña

T. 981 849 971 y 981 847 097 | comercial@instalacionesherfer.es

